



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2019/7
SESIÓN PLENARIA SÁBADO 15 DE XUÑO DE 2019

ACTA Nº 2019/7

SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO DA CORPORACIÓN

SÁBADO 15 DE XUÑO DE 2019 -



ACTA Nº 2019/7

Asistentes:

PRESIDE:

FERNANDO PEREZ FERNANDEZ

ASISTEN:

BNG

JOSE ANTONIO COTOS SEOANE

MARTA GARCIA SANCHEZ

ALVARO XESUS GARCIA FREIRE

PP

OSCAR VAZQUEZ CORRAL

JOSE EMILIO MAHIA NEIRA

JESUS GOMEZ GARCIA

MARIA DEL CARMEN TORREIRO COTOS

JOSE DAVID PINTOR PAZO

AUSENCIAS:

SECRETARIO:

AFONSO BIEITO LORENZO PENELA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O SÁBADO 15 DE XUÑO DE 2019

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 12:00 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Constitutiva do Pleno da Corporación. Hai uns trinta cidadáns presentes en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente, este indica que a sesión vai ser gravada. En consecuencia, a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora. **NOTA:** Faise constar que por erro, a gravación oficial iníciase xa elixido o alcalde.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.- Formación da mesa de idade, xuramento ou promesa e constitución da corporación.
- 2.- Proclamación de candidatos e elección de alcalde.
- 3.- Acta de arqueo e inventario do patrimonio da corporación.

1.- Formación da mesa de idade, xuramento ou promesa e constitución da corporación.

Declarada aberta a sesión procedeuse a constituír a mesa de idade, integrada polo concelleiro electo de mais idade de entre os asistentes, D. Jesús Gómez García, quen actúa coma presidente, e pola de menos idade, tamén de entre os asistentes, D^a. Marta García Sánchez e actuando como secretario o do concello.



Unha vez constituída a mesa de idade procedeuse a comprobar as credenciais presentadas e, comprobado que se cumpre a esixencia determinada polos artigos 195.4 da mencionada Lei orgánica declárase constituída a corporación polos seguintes membros:

D. Fernando Javier Pérez Fernández
D. Oscar Vázquez Corral
D. José David Pintor Pazo
D^a. María del Carmen Torreiro Cotos
D. Jesús Gómez García
D. José Emilio Mahía Neira
D. José Antonio Cotos Seoane
D^a. Marta García Sánchez
D Álvaro Xesús García Freire

A continuación debería de procederse a cumprir co requisito legal de prestar xuramento ou promesa de cada un dos Sres. concelleiros asistentes, segundo dispón o artigo 108.8 da mesma Lei orgánica 5/85, de 19 de xuño. Por erro non se realiza neste momento senón máis adiante (*minuto 8'00" da gravación*) como se dirá, non existindo dúbidas por parte deste secretario da vontade dos membros da corporación de cumprir o requisito.

Seguidamente polo secretario dáse fe de que a totalidade dos concelleiros electos presentaron as oportunas declaracións a efectos do rexistro de intereses dos membros da corporación.

2.- Proclamación de candidatos e elección de alcalde.

Acto seguido e de acordo coas normas reguladoras da elección de alcalde/alcaldesa, contidas no artigo 196 da repetida Lei orgánica, proclámanse candidato/a de entre os/as concelleiros/as que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas eleccións locais os/as seguintes:

Nome e apelidos Lista ou candidatura

D. Fernando Javier Pérez Fernández PP.

D. José Antonio Cotos Seoane

Acto seguido procédese á votación, a cal, por acordo entres ambas cabezas de lista, efectúase a man alzada, co seguinte resultado:

Nome e apelidos Número de votos

D. Fernando Javier Pérez Fernández

D. José Antonio Cotos Seoane



Polo que resulta proclamado alcalde por maioría absoluta D. Fernando Javier Pérez Fernández.

Inmediatamente o sr. concelleiro que resultou elixido como alcalde deste municipio D. Fernando Javier Pérez Fernández, integrado na candidatura do Partido Popular (PP), previa promesa e xuramento do cargo na forma legalmente establecida, pasa a ocupar a presidencia.

A continuación diríxese ao resto dos membros da corporación e ao público asistente ao acto de constitución desta nova corporación 2019-2023.

A continuación diríxese ao resto dos membros da corporación e ao público asistente ao acto de constitución desta nova corporación 2019-2023.

Moi en resume, manifesta, en primeiro lugar a benvida aos membros da corporación e aos veciños e o agradecemento por compartir este momento tan importante de constitución dunha nova corporación, a número 11 dende a chegada da democracia, hai xa 40 anos. Engade que é o momento de botar a vista atrás e agradecer a todas as persoas, con nomes e apelidos, concelleiros e concelleiras, alcaldes e alcaldesa, de todas as ideoloxías, que foron conformando o actual Vilasantar.

A seguir dá a noraboa aos concelleiros electos nesta lexislatura, aos 3 do BNG e aos 6 do PP, destacando a alta participación dos veciños na elección (83,14%).

Engade que hoxe é un deses momentos importantes na súa vida, un momento que sempre recordará, a terceira lexislatura que, grazas ao seu equipo e á súa candidatura, se vai a enfrontar a tarefa de dirixir ao concello. Dende xa eu como alcalde e coa equipa que se forme, seguiremos traballando como ata agora, pero co impulso e o agradecemento aos veciños que confiaron en nó, manifestando, entre outros aspectos, que queremos un Vilasantar emprendedor, coidador, atractivo e sostíbel, en resume, abrazado á nova realidade que nos toca vivir.

A continuación ten unhas palabras para os homes e mulleres traballadores do concello, pezas fundamentais no traballo diario. Conto con eles, non por fidelidade á persoa, senón á institución, mencionando seguidamente a próxima xubilación do secretario do concello, agradecéndolle o traballo realizado, o que é respondido con aplausos unánimes dende o público e membros da corporación.

Finalmente, e tamén en resume, engade que deixa para ao final a parte relacionada cos sentimentos, agradecéndolle a súa familia que grazas ao seu cariños e comprensión se poda adicar ao completo ao pobo de Vilasantar.

Para rematar adquiere tres compromisos, traballo, honradez e humildade, para facer de Vilasantar un mellor pobo para todos nós e para os nosos fillos.

A súa intervención é respondida por aplausos dos veciños.



A continuación e sendo o minuto 8'00" da gravación, o secretario indica que quedara se realizarse formalmente o trámite de cumprir co requisito legal de prestar xuramento ou promesa de cada un dos Sres. concelleiros asistentes, segundo dispón o artigo 108.8 da mesma Lei orgánica 5/85, de 19 de xuño, lendo o secretario a fórmula "Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigación do cargo de concelleiro, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?"

Prometen D. José Antonio Cotos Seoane, D^a. Marta García Sánchez D. Álvaro Xesús García Freire e D. Jesús Gómez García, e Xurando ou prometendo Fernando Javier Pérez Fernández e Xurando o resto dos concelleiros Oscar Vázquez Corral, D. José David Pintor Pazo, D^a. María del Carmen Torreiro Cotos e D. José Emilio Mahía Neira, usando a totalidade dos concelleiros a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, de 5 de Abril.

A seguir xura e promete D. Fernando Javier Pérez Fernández o cargo de alcalde usando a mesma fórmula.

3.- Acta de arqueo e inventario do patrimonio da corporación.

A continuación polo Sr. secretario-interventor infórmase da realización da acta de arqueo extraordinaria, redactada con motivo da posesión da nova corporación, acompañada dos documentos que xustifican as existencias. O secretario dá conta de viva voz da existencia en cada unha das entidades bancarias e indica que o saldo resultante dá unha existencia líquida de tesourería de 270.171,88 euros. Non existe ningunha operación de tesourería neste momento ao non utilizarse a liña de crédito.

Igualmente dáse conta da documentación relativa ao Inventario do Patrimonio Municipal e máis do informe redactado ao efecto polo secretario interventor que procede a ler.

Transcorridos 11:15 horas (sendo as 12:15 horas) non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, mércores 19 de xuño de 2019

O secretario, Afonso Bieito Lorenzo Penela

Visto e praxe, O alcalde, Fernando Pérez Fernández